

ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, Victoria (2020): *Sobre a lingua galega de Rosalía de Castro* [Prólogo Antón Santamarina, limiar Xesús Alonso Montero]. Vigo: Galaxia, 166 pp.

Estamos ante unha publicación da investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda a quen tivemos a oportunidade de descubrir nesta revista grazas ao especial de *Madrygal* (nº 21, 2018) coordinado por Patricia Arias Chachero. Nese número informábanos a coordinadora sobre a dispersión e ineditex da obra da, recentemente falecida, profesora viguesa. Este que presentamos é un deses inéditos cuxa edición vén paliar a ata agora “imprecisa” “caracterización e valoración da obra da investigadora” (Arias 2018: 351). Esta é, por tanto, a continuación dunha reparación e dun recoñecemento tal e como indicaba a citada coordinadora do especial de *Madrygal*.

Para Xesús Alonso Montero que, como veremos, moito tivo que ver coa elaboración do libro recensionado, o inédito que agora ve a luz é unha mostra máis do rigor intelectual, obxectividade e pulcritude estilística da investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (Alonso 2018: 353). É, ademais, o estudo máis antigo de tema rosaliano elaborado por unha das maiores estudosas de Rosalía de Castro, pois, como escribiu Dolores Vilavedra (2018: 11): “Nunca máis, ninguén, en ningún lugar do mundo, poderá xa estudar a obra rosaliana sen que, nalgún intre, os seus ollos se deteñan no nome de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda”.

A obra felizmente édita ábrese cun limiar de Xesús Alonso Montero titulado “Noticia –circunstanciada– sobre a memoria de licenciatura (1986) da investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (Vigo, 1961-2018)” e consta de 5 incursións: 4 arredor dos estudos de Victoria Álvarez (un lingüista hispano do século XVI, a tese de licenciatura, o rosalianismo posterior da investigadora, outros ámbitos) e un final.

Na “Primeira incursión: un lingüista hispano do século XVI”, o profesor Alonso Montero recorda que Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda se licenciou en Filoloxía Hispánica, que en 3º de carreira a tivo como alumna e que foi

deslumbrado intelectualmente polo seu traballo escolar cheo de responsabilidade filolóxica e rigor.

A “Segunda incursión: a tese de licenciatura” refírese á obra agora édita. Alonso Montero explica que o tema definitivo da tese de licenciatura de Victoria Álvarez se relaciona coa participación como bolsreira no magno Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (1985), que foi presentada no ano seguinte (1986) e que mereceu a máxima cualificación. Engade o autor do limiar, e director da memoria, a súa pouca colaboración na concepción, preparación e exposición da memoria, apenas un breve esquema de 3 cuartillas con epígrafes, e incide na calidade intelectual da alumna: “Victoria, que era unha perfeccionista intelectual, non só leu e releu os poemas galegos de Rosalía de Castro (...) senón que os memorizou” (p. 8).

Infórmanos a continuación o profesor e director sobre a metodoloxía da alumna para elaborar a memoria. Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda non só le criticamente os estudos existentes e se atén ás primeiras edicións autorizadas por Rosalía, senón que:

enche, coa súa pulcra letra, centos e centos de fichas lingüísticas, que ordena nuns ficheiros de madeira feitos *ad hoc* por seu pai, o pintor vigués San Luis. Ese material, máis elaborado, pasa, logo, a cadernos de tamaño grande e que son dicionarios de voces ou de feitos gramaticais ou doutro tipo de recursos idiomáticos. Este inxente traballo lingüístico, tan artesanal (anterior aos medios informáticos de hoxe), é o compendiado e organizado no mecanoscrito. (p. 9)

Trala descrición do mecanoscrito, cuxo modesto título (*Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*) agacha a totalidade do estudo do corpus rosaliano en idioma galego, o autor do limiar valora o traballo dende a actualidade posto que tería que ser “de lectura obrigatoria para quen queira explicar os usos

lingüísticos daquela pioneiros da escrita en galego, daquel nome fundacional” (p. 9).

A seguinte incursión, “O rosalianismo posterior da investigadora”, é un percorrido polo labor investigador de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, coñecida e recoñecida rosalióloga. Exemplifica o autor do limiar coas palabras doutras estudosas como María do Cebreiro Rábade Villar, María Xesús Lama ou Patria Arias Chachero.

“A investigadora noutros ámbitos” é a penúltima incursión en que se explica como Victoria Álvarez, alén de Rosalía, se ocupou doutros escritores do século XIX e do XX (Eladio Rodríguez González, Manuel Murguía, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Ramón del Valle Inclán, Carles Riba, Gabriel Aresti, Eduardo Blanco Amor, Begoña Caamaño), así como da repercusión da cantiga de amigo en dous poetas do século XX.

Na incursión “Final” Alonso Montero volve ao traballo académico que ve a luz, en edición facsimilar, para agradecer a colaboración de diferentes persoas implicadas na publicación homenaxe á investigadora viguesa. Explica tamén os apéndices engadidos: facsímile dunha carta de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda a Xosé Luís Franco Grande e a resposta deste a propósito da palabra “tros”.

A continuación, Antón Santamarina prologa a obra felizmente édita cun “Prólogo impertinente” en que advirte que non está revestido de autoridade maior cá autora prologada dado que “a autora (...) ten moito máis que me ensinar a min do que podería eu ensinar a ela” (p. 15).

Antón Santamarina recorda que sabía da Memoria de Licenciatura de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda por unha persoa membro do tribunal que lle transmitiu a idea de estar “ante unha filóloga dun talento e dunha rigorosidade extraordinarios” (p. 15) tal e como mostra que, a pesar de levar inédita 33 anos, manteña a súa vixencia e non fose superada. En palabras do profesor “o que se fai con rigor non caduca nin necesita revisión” posto que a memoria feita libro presenta e analiza “exhaustivamente os aspectos relevantes da lingua de Rosalía” (p. 15).

O prologuista alude, exemplificando coas palabras de Rosalía, ás características das linguas en proceso de constitución, á constitución do padrón literario a partir dunha(s) obra(s) fundadora(s), á escrita de *Cantares* na variedade idiomática que aprendeu Rosalía de nena, isto é, un galego oral inzado de contraccións

e elisións e de interferencias inconscientes (castelanismos propios da fala) e conscientes (hiperenxebrismos).

Antón Santamarina destaca os 4 grandes bloques tratados comprensiva e rigorosamente por Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (cuxa agudeza filolóxica é comparada coa dunha Carolina Michäelis) na súa análise da obra en lingua galega de Rosalía: feitío e vacilacións, falta de rexistros, carencias léxicas e intervención de Murguía, problema engadido e “delicado” na escrita de Rosalía.

Deseguido Santamarina apunta algunhas das cuestións revisables no traballo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e que se refiren aos exemplos extraídos do *Conto Gallego* dado que a fonte manexada foi un texto de Castro y López que modifica a ortografía, cambia unha palabra por outra ou alérea.

Por último, o prologuista pregúntase sobre as razóns de que este traballo quedase inédito e apunta unhas posibles causas

Tendo en conta o escrupulosa que era no referente á perfección dos seus escritos quizais tivese algún reparo en facelo público. Se cadra só o considerou un traballo escolar realizado para superar o trámite académico da Licenciatura. Tamén puido influír (...) o argumento da Memoria (...) que só tería interese para uns poucos iniciados” (pp. 19-20).

En todo caso, para Santamarina os escrúpulos eran inxustificables e remata agradecendo ao testamenteiro intelectual da autora, Xesús Alonso Montero, “a iniciativa de dar á luz este extraordinario inédito de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda” (p. 20).

O extraordinario inédito titulado “Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro. Memoria de licenciatura de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda” consta dunha dedicatoria, unha razón previa (cunha presentación, bibliografía e estudos sobre a lingua galega de Rosalía de Castro, edicións manexadas e cita de textos), de catro capítulos, das conclusións e da bibliografía.

Na “Razón previa” (pp. 3-12), Victoria Álvarez manifesta que Rosalía é “a primeira que, con entidade estética, (re)crea a lingua galega e convértea en lingua de arte” (p. 4). O obxectivo da investigadora Álvarez Ruiz de Ojeda é achegarse aos criterios rosalianos e ofrecer algunhas calas na lingua de Rosalía coa finalidade de describir o seu sistema. A pesar de non aspirar a establecer a gramática rosaliana

e aproximarse en tres fronteas (grafía, fonética e morfoloxía), ademais de analizar a presenza do castelán, o traballo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda supera esa inicial aspiración dada a súa exhaustividade na descrición lingüística.

O capítulo I, centrado na grafía (pp. 13-26), contén unha primeira aproximación en catro problemas básicos (o timbre vocálico, a contracción de preposición e artigo e a representación dos fonemas nasal velar sonoro e fricativo prepalatal xordo), nalgúns grafemas (b, v, h, ç, s, y), no acento gráfico (tres tipos de acento e regras de acentuación), noutros signos (guión e apóstrofo), nos signos de puntuación (interrogación e admiración). Ocúpase a autora a continuación da intervención de Murguía e remata cunha recapitulación considerando que Rosalía “obedece ó elemental principio de conforma-la escritura coa pronunciación, de onde se deduce a súa aversión ó cultismo forzado” (p. 26).

O capítulo II dedícase á fonética (pp. 27-46), en concreto ao vocalismo (tónico e átono), consonantismo (seseo, gheada, grupos consonánticos, outros fenómenos como metátese, disimilación e epéntese). Moi característica da lingua rosaliana é a metátese, así como a presenza do seseo. Este “non se dá dun xeito sistemático, senón selectivo e mesurado, e (...) é moito máis frecuente o explosivo có implorivo” (p. 37). Tamén explica a investigadora a insólita aparición dun único exemplo de gheada.

No terceiro capítulo, sobre a morfoloxía (pp. 47-134), Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda afonda no número e na formación do plural na obra de Rosalía, no xénero, nos sufixos e terminacións, nos comparativos e superlativos, no artigo (formas, algúns usos), no pronome persoal (formas, usos e construcións, posición do pronome átono), nos demostrativos (formas, demostrativos compostos), nos posesivos (formas, aférese, forma ambigua, respecto, outras particularidades), nos indefinidos (formas e contraccións), nos numerais, nos relativos, no verbo (morfoloxía, usos e construcións), no adverbio (lugar e tempo), nas preposicións e nas conxuncións.

A investigadora detecta vacilacións que manifestan a inestabilidade dunha lingua sen normas, aínda que se poidan “aducir exemplos nos que a rima ou a medida determinan a elección” (p. 61). Por outra banda, a súa exhaustividade permítelle deducir trazos xerais nas obras sucesivas de Rosalía de Castro. É o que ocorre cos usos do sufixo diminutivo: 430 casos en *Cantares* fronte aos menos de 70 casos en *Follas* “clara conciencia en Rosalía dos

distintos niveis de lingua: fresca impresión de popularismo e de ternura nos *Cantares*, mesura e gravidade nas *Follas*” (p. 67).

O capítulo IV aborda a presenza das dúas linguas na obra como ben indica o título “Galego e castelán” (pp. 135-152). Segundo Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, as tres vías de entrada dos castelanismos son a rima, a medida e o ritmo do verso, polo que o diferencialismo, o lusismo e os trazos arcaicos son pouco importantes no conxunto da obra de Rosalía. É sobre todo no léxico onde recae a castelanización, por iso a investigadora agrupa os castelanismos léxicos segundo non teñan correspondencia galega na obra de Rosalía de Castro (ex. *adios*) e segundo vacile entre formas castelás e formas galegas (ex. *acostumbrar* vs *acostumar*, *Castilla* vs *Castela*). Considera a investigadora que Rosalía non posúe unha conciencia lingüística diferencial (como a de Pondal ou Curros) e que, se na segunda edición de *Cantares* aparecen mínimas correccións, “probablemente nin sequera se refiren á súa pluma” (p. 140).

O derradeiro apartado, antes da “Bibliografía”, é o de “Conclusións”. Retomamos dúas das manifestadas pola investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda. Por unha parte, o estudo “de pequenas parcelas da lingua de Rosalía de Castro revela a existencia dun criterio lingüístico na poeta, criterio tantas veces escurecido por unha aparente incoherencia” (p. 153). Por outra parte, aínda que a base do galego de Rosalía é o occidental, “despreocupada da pureza a favor da expresividade, acolle dialectalismos de diversa procedencia (...) fiel reflexo da lingua coloquial” (p. 153).

A pesar do indicado pola autora Álvarez Ruiz de Ojeda de que restan moitos aspectos da lingua de Rosalía sen afrontar e de que Rosalía “esixe outros encontros” (p. 153), este, coma outros traballos de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda están “sempre impregnados dun perfeccionismo que abrolla en exposicións claras e sinxelas, coa profundidade do traballo filolóxico clásico, que require unha dedicación e autoesixencia que só se pode soste na paixón polo obxecto de estudo e o goce no camiño de busca do coñecemento” (Lama 2018: 396).

Referencias bibliográficas

Alonso Montero, Xesús (2018): “Loito na investigación galega”, en “Homenaxe á investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (Vigo, 21-VIII-1961/23-IX-2018). In memoriam”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, p. 353.

Arias Chachero, Patricia (2018) (coord.): “Homenaxe á investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (Vigo, 21-VIII-1961/23-IX-2018). In memoriam”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 21, p. 351.

Lama, M^a Xesús (2018): “María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, escritura e paixón”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 21, p. 395.

Vilavedra, Dolores (2018): “Unha especialista nos estudos rosalianos”, *Grial* 219, p. 11.

Ana Acuña Trabazo
Universidade de Vigo
ganime@uvigo.es